



B A N D O

RENOVACIÓN DE LICENZAS PARA VENDA AMBULANTE DE COLARES E OUTROS ORNATOS PERSOAIS REALIZADOS CON CUNCHAS MARIÑAS NO CONCELLO DO GROVE

No prazo establecido entre o **15 de xaneiro de 2021 e o 15 de febreiro de 2021**, as persoas inscritas no Censo de Colareiras do Concello do Grove, para exercer a venda ambulante de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas, deben presentar nas oficinas ou na sede electrónica municipal do Concello do Grove (concellogrove.sedelectronica.gal) a solicitude de renovación da licenza, que inclúe **DECLARACIÓN RESPONSABLE** de que **cumpren os requisitos legalmente establecidos para o exercicio da actividade de venda ambulante de colares.**

A non renovación da licenza en prazo determinará a súa caducidade e a perda do dereito ao exercicio da actividade autorizada.

Unha vez renovadas as licenzas terán unha duración de dous anos.

O Grove, data e sinatura dixital

O Alcalde
José A. Cacabelos Rico



SOLICITUDE DE LICENZA DE VENDA AMBULANTE DE COLARES E DECLARACIÓN RESPONSABLE

SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI/NIF
ENDEREZO	LOCALIDADE	CONCELLO
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO

REPRESENTANTE (se é o caso)

APELIDOS	NOME	DNI/NIF
ENDEREZO	LOCALIDADE	CONCELLO
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO

De conformidade ecos artigos 3.9 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; 84.1 c) da Lei de bases de réxime local; Artº 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 11 da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas do Concello do Grove.

SOLICITO A LICENZA DE VENDA PARA DOUS ANOS E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. QUE DURANTE O PERIODO DE EXERCIZO DA ACTIVIDADE COMPROMETOME A CUMPLIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE DE COLARES E OUTROS ORNATOS PERSOAIS NO CONCELLO DO GROVE, EN CONCRETO:

- a. Estar dado de alta no epígrafe correspondente ao comercio polo miúdo do imposto de actividades económicas, estar ao corrente do pagamento da tarifa ou, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de abrigados tributarios.
- b. Estar dado de alta no réxime de traballadores autónomos.
- c. Os prestadores procedentes do estranxeiro deberán acreditar o cumprimento das abrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
- d. Ter ao día o correspondente seguro de responsabilidade civil.
- e. Figurar no actual Censo de Colareiras do Concello do Grove, coa finalidade de protexer este oficio e manter o seu importante interese cultural.

2. Que dispoño da documentación que así o acredita.

3. Que me comprometo a manter o cumprimento dos anteriores requisitos durante o exercicio da actividade.

4. Que coñezo as normas ás que debo axustar a miña actividade e que me comprometo a observalas.

Igualmente comunícolle que o exercicio da ACTIVIDADE REALIZARESE NO PERIODO SEGUINTE: -----

Data:.....

Sinatura

ALCALDE DO CONCELLO DO GROVE

**No caso de actuar en representación do titular deberá xustificarse por escrito.*